

Wat mehr regelt en Gesett. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada

Jan Wirrer¹

Universität Bielefeld

Neste artigo fórmulase e analízase a cuestión da necesidade, posibilidade e status xurídico das posibles traducións das constitucións dos Estados setentrionais de Alemaña do alemán estándar ó baixo alemán, lingua propia destes territorios. Todo o anterior exemplifícase coa xa realizada tradución baixoalemá da Constitución do Estado de Bremen, de Carl V. Scholz, e mais a través da análise da tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica asentada do alemán estándar ó baixo alemán, unha lingua non estandarizada.

Palabras clave: tradución, linguaxe xurídica, constitución, baixo alemán.

This essay points out and analyses the question of the need, possibility and legal status of the eventual translations of the constitutions of the German Northern States from standard German into lower German, the autochthonous language of this territory. All of the aforementioned is illustrated with the lower German translation of the Constitution of the State of Bremen, by Carl V. Scholz, and through the analysis of the translation of monolexical and polylexical terms and collocations proper of the legal language to lower German, a non-standardized language.

Key words: translation studies, legal language, constitution, lower German.

1. Desde 1994 publicáronse cinco traducións do baixo alemán dos estados setentrionais de Alemaña. A primeira en saír á luz foi a tradución da constitución de Mecklenburgo-Pomerania Occidental, publicada en 1994 (Landtag Mecklenburg-Vorpommern (ed.) 1994); seguida das traducións das constitucións de Schleswig-Holstein (Der Präsident des Schleswig-Holsteinischen Landtages (ed.) 2000), da Baixa Saxonia (Möhring (ed.) 2001) e de Hamburgo (Landeszentrale für politische Bildung (ed.) 2002). A versión

¹ Traducido do inglés por Cristina Veiga Novoa.

baixoalemá da constitución de Bremen, publicada en 2004 (Bremische Bürgerschaft (ed.) 2004) é, por agora, a última tradución deste tipo².

Ó parecer, neste momento as traducións das constitucións dos estados alemáns do norte están moi solicitadas. Por que? O baixo alemán é –xunto co sorbio, o frisón setentrional, o frisón oriental e o romaní– unha das linguas autóctonas que se falan na República Federal de Alemaña e que están protexidas pola Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias. Coa ratificación deste convenio Alemaña comprometeuse a permiti-lo uso destes idiomas nas esferas públicas da administración e a xustiza (cf. os artigos 10 e 9 da Carta). Mentres que o artigo 10 menciona o dereito dos cidadáns a utiliza-las linguas incluídas na Carta na súa comunicación coas autoridades públicas e, por exemplo, cando envían solicitudes escritas para a súa tramitación, o artigo 9 establece o dereito de usalas en procesos penais e civís, así como o dereito a utiliza-las para redactar documentos tales como escrituras de traspaso ou contratos de arrendamento. Ademais –e isto é fundamental para o tema da miña colaboración–, este artigo regula a dispoñibilidade de estatutos e reformas escritas nas linguas incluídas na Carta. É precisamente neste parágrafo no que asenta a base legal da tradución de constitucións ás linguas rexionais e minoritarias implicadas³:

Les Parties s'engagent à rendre accessible, dans les langues régionales ou minoritaires, les textes législatifs nationaux les plus importants et ceux qui concernent particulièrement les utilisateurs de ces langues, à moins que ces textes soient déjà disponibles autrement (República Federal de Alemaña 2000: 1313).

Canto á historia do baixo alemán, esta lingua conta cunha dilatada tradición de textos xurídicos. Con todo, isto só ocorre no período do baixo alemán medio (aprox. 1200-1650), cando a xustiza era un dos dominios oficiais máis importantes nos que este era usado. O Código dos Saxóns de Eike von Repgow, que data de entre 1224 e 1234, é, sen dúbida, o exemplo máis claro disto⁴, pero existen outros moitos documentos -como as cartas fundacionais das cidades de Lübeck (1267), Hamburgo (1270), Brunswick (1227), Stade (1279) e Herford (1375)- que dan fe da importancia que tivo o baixo alemán

² É pouco probable que a versión baixoalemá da constitución de Bremen lle sigan as versións correspondentes das constitucións de Brandeburgo, Renania do Norte-Westfalia e Saxonia-Anhalt xa que, en comparación, o baixo alemán ten un status débil nestes Estados, tanto en termos de número de falantes coma no terreo político, especialmente en Brandeburgo e Saxonia-Anhalt, onde xa quedan moi poucos falantes desta lingua. Por outra banda, o territorio do baixo alemán só se estende polo norte dos devanditos Estados, de xeito que a tradución das súas constitucións ó baixo alemán só estaría dirixida á poboación das súas provincias setentrionais. Para as traducións das constitucións de Mecklenburgo-Pomerania Occidental, Schleswig-Holstein e Hamburgo véxase Wirrer 2003, Wirrer 2004a e Wirrer 2004b.

³ Cito o mencionado parágrafo na versión francesa por ser esta máis precisa cá inglesa e, por suposto, cá súa tradución a outras linguas como o alemán e o castelán. Téñase en conta que para o Consello de Europa unicamente teñen status xurídico os regulamentos e reformas redactados en francés ou inglés, mentres que as versións noutros idiomas non son relevantes para os trámites legais e, polo tanto, son consideradas meras traducións.

⁴ Orixinalmente, este código foi escrito en latín. Probablemente debido á pouca aceptación que tivo o texto en latín, publicouse a continuación a versión en baixo alemán, que acadou gran popularidade durante o período do baixo alemán medio, sendo citada en numerosos documentos medievais.

“Wat mehr regelt en Gesett”. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada

medio como *médium* no eido xurídico. Ademais, foi a lingua da Liga Hanseática, e unha alianza económica desta magnitude, integrada por máis de 100 cidades do terzo norte de Alemaña, do leste de Holanda e das actuais Estonia e Letonia con oficinas dependentes en Flandres, Noruega, Inglaterra e Rusia requiría, obviamente, unha cantidade inxente de textos xurídicos adicionais como, por exemplo, contratos de vendas, ordes corporativas e últimas vontades. No entanto, co deterioro da Liga Hanseática e o declive do baixo alemán escrito nos séculos XVI e XVII, a súa tradición como *médium* utilizado nas esferas do dereito e a administración chegou á súa fin.

Cales son as consecuencias das disposicións da Carta Europea citadas anteriormente e mais da ruptura coa tradición de textos xurídicos en baixo alemán medio no que toca ás traducións das constitucións alemás dos estados setentrionais? No referente á Carta, estas traducións non son máis ca unha aplicación dos regulamentos vixentes, posto que as versións baixoalemás destas constitucións non estaban dispoñibles anteriormente. Canto á tradición xa explicada, dela practicamente non se derivan consecuencias que poidan promover a tradución de textos xurídicos como as constitucións e os estatutos ó baixo alemán moderno. Esta tradición desapareceu hai máis de 200 anos e, dende entón, a linguaxe utilizada no ámbito da xustiza dentro do territorio no que se falaba o baixo alemán foi exclusivamente unha lingua precursora do alemán estándar moderno e, xa na actualidade, o alemán estándar moderno. Polo tanto, calquera persoa que tente traducir un texto xurídico do alemán estándar ó baixo alemán só conta co alemán estándar e non coa linguaxe xurídica especializada do baixo alemán medio, malia o nivel relativamente profesional que tiñan algúns textos xurídicos nos séculos XV e XVI⁵. Isto aplícase sobre todo ás constitucións, no sentido actual da palabra, simplemente porque estas non existían no período do baixo alemán medio⁶.

Calquera valoración das versións de textos xurídicos en baixo alemán moderno debería abordarse tendo en conta a situación lingüística actual do territorio onde se fala esta lingua. Hoxe en día menos do 30% da poboación do norte de Alemaña ten un dominio activo do baixo alemán e xa non quedan falantes monolingües do mesmo. A competencia en alemán estándar, tanto activa coma pasiva, dos falantes actuais do baixo alemán é equivalente á da maioría da poboación, non sendo mellor nin peor cá doutros falantes do alemán estándar. Polo tanto, os falantes de baixo alemán xa non están nunha situación de desvantaxe cando teñen que tratar asuntos legais. Alén disto, as versións baixoalemás das constitucións dos Estados do norte de Alemaña non teñen un status oficial e son, logo, irrelevantes para a administración de xustiza. No prefacio da versión en baixo alemán da constitución de Mecklenburgo-Pomerania Occidental faise a seguinte referencia a esta reserva legal:

⁵ Examinando os documentos xurídicos máis antigos e máis recentes escritos en baixo alemán medio pódese observar que xurdiu unha linguaxe xurídica especializada nesta lingua que chegou a ser altamente profesional e, en certo modo, moi semellante á linguaxe especializada empregada hoxe en día por avogados, xuíces, etc. (cf. p. ex. Wirrer 2001).

⁶ A Carta Marga de 1215 podería considerarse un antecedente medieval da constitución actual, aínda que non se trate dunha constitución no sentido moderno do termo.

De hochdüütsche Verfatung is un bliff [...] dat Recht, wat gellt (Landtag Mecklenburg-Vorpommern (ed.), 5)⁷.

O anterior aplícase a tódalas traducións en baixo alemán das constitucións dos estados setentrionais, aínda que non se fai mención expresa desta reserva legal noutras constitucións, entre elas a de Bremen. E digo máis: é altamente improbable que alguén citase ou fixese referencia á versión baixoalemá nun tribunal, mesmo se llo permitisen. Daquela, tendo en conta a situación lingüística actual dos Estados alemáns setentrionais, por unha banda, e que as constitucións en baixo alemán non teñen status legal e son case irrelevantes, por outra, poderíase concluir que estas son só unha anécdota, que pode merecer-lo noso interese, pero unha anécdota á fin e ó cabo.

No entanto, a pesar de que traducións como estas son absolutamente irrelevantes dende unha perspectiva xurídica, tanto na teoría como na práctica, as versións en baixo alemán das constitucións alemás do norte poderían ter un sentido lingüístico. Para comezar, hai un aspecto lingüístico no sentido estrito do termo. A pregunta é: ata que punto pode unha lingua como o frisón oriental, o saami ou o baixo alemán responder ás esixencias dun ámbito oficial como a xurisprudencia cando non estiveron presentes nel nunca ou apenas nos últimos tres séculos respectivamente? A resposta é moi sinxela e trivial: por suposto que pode. Non hai dúbida de que calquera lingua pode, en principio, estenderse a calquera ámbito. As linguas nacionais europeas modernas e as súas predecesoras son o exemplo máis claro disto. Na Idade Media o latín foi perdendo terreo progresivamente fronte ás linguas maternas, tamén chamadas linguas vernáculas, feito que influíu enormemente na evolución posterior destas. Non só xurdiron novos tipos de textos xunto ós modelos latinos, senón que as estruturas básicas destas linguas se viron tamén afectadas polo contacto intenso e prolongado co latín⁸. Así, a pregunta fundamental é por que algunhas linguas se estenderon e outras non, e non, como asumiría o leigo en lingüística, se unha lingua natural determinada pode estenderse a ámbitos nos que nunca foi empregada. Certamente, esta pregunta sempre tivo implicacións de carácter político, sobre todo no relativo ás linguas minoritarias e rexionais, xa que preguntarse se unha lingua debería estenderse ou non sempre foi unha cuestión de política lingüística desde que se formaron os Estados-nación actuais.

Hai dous grupos de opositores á extensión das linguas minoritarias. Temos, en primeiro lugar, aqueles que cren que as linguas menores son molestas e superfluas, un atranco para a comunicación nacional e internacional; e, en segundo, os puristas lingüísticos que pensan que calquera extensión dunha lingua menor implica a distorsión do supostamente auténtico sorbio, frisón oriental, galego, baixo alemán, etc. Xa que logo, no contexto da política lingüística as versións baixoalemás das constitucións do norte de Alemaña son medidas políticas que deberían esperta-la nosa compaixón.

⁷ A versión altoalemá desta constitución é a única legalmente válida. (Tradución literal: “A constitución en alto alemán é e seguirá a se-lo dereito que é válido”).

⁸ Isto pode verse en construcións gramaticais como *Peter's resigning from his professorship* ou *im Beisein des Zeugen*, que probablemente non aparecerían sen o dilatado contacto lingüístico entre as linguas vernáculas e o latín (cf. Demske 1999, cf. tamén máis adiante).

A diferenza do que ocorre cos prefacios das versións en baixo alemán das constitucións de Hamburgo e Mecklenburgo-Pomerania Occidental, nin o intérprete nin o autor do prefacio oficial da constitución de Bremen sinalan que a tradución do baixo alemán podería facilita-la comprensión do texto a un profano na materia. Se considerámo-la situación lingüística actual da Alemaña do norte, algo así sería un erro de base, pois quen pensase así asignaríalle ás citadas traducións un discurso comunicativo ó que non pertencen. Por outra parte, baseándose nos valores fundamentais das sociedades correspondentes, as constitucións establecen os dereitos e deberes fundamentais dos seus membros, así como as normas básicas da súa interacción social (cf. Funk 1996). Como calquera texto legal, estas obviamente están dirixidas tanto ó especialista coma ó leigo, pero moito máis ó leigo ca no caso de, por exemplo, unha patente ou o dereito procesal. De aí que haxa constitucións que son fáciles de comprender sen axuda dun experto, ó contrario do que ocorre en eidos do dereito como os mencionados anteriormente. Non obstante, traducir unha constitución escrita nunha lingua estandarizada a unha lingua como o baixo alemán aínda representa un reto para calquera tradutor.

2. Cales son os problemas principais que este tipo de tradutor tería que resolver? Para comezar, o problema que teñen tódalas linguas non estandarizadas. Dado que non existe ningunha variante estándar do baixo alemán, o tradutor deberá elixir un dialecto ó que traduci-la constitución, que obviamente só podería se-lo da rexión correspondente xa que unha versión baixoalemá da constitución de Bremen escrita en, digamos, westfaliano non sería aceptada polos seus destinatarios, é dicir, a poboación de Bremen, e á inversa ocorrería o mesmo. Ademais, os dialectos rexionais do baixo alemán, en maior ou menor medida, non son homoxéneos en si mesmos⁹. Así, a variante frisona oriental considérase un dialecto do dialecto baixoalemán do norte, pero é diferente ó de Bremen e os seus arredores nalgúns aspectos relevantes, mesmo relacionados coa gramática básica do dialecto¹⁰. Considerando isto, a variante que ha de escolle-lo tradutor é, en primeiro lugar, o seu dialecto rexional e, por último, pero non por iso menos importante, debería decidir sobre unha serie de trazos locais¹¹, o cal non debería de lle poñer ningún problema a un tradutor da constitución dun estado pequeno como Bremen, pero si o sería no caso de estados grandes como a Baixa Saxonia, onde as características lingüísticas locais son incontables.

⁹ Así e todo, son algo máis homoxéneos do que pensan moitos leigos comprometidos coa conservación dos seus dialectos locais. Ás veces parece que cren que os dialectos da súa veciñanza son tan distintos ó seu como o suazi, o kilivila ou o saami, pero está claro que as semellanzas entre dialectos locais son moitos maiores cás diferenzas. Do contrario non tería sentido falar de dialectos rexionais como o westfaliano, o eastfaliano ou o pomeranio.

¹⁰ A diferenza gramatical máis salientable ten que ver coa flexión do verbo. Ó igual que en tódalas variantes do baixo alemán, tanto o frisón oriental como o dialecto de Bremen só teñen un morfema de flexión verbal no plural do presente de indicativo. Con todo, mentres que en Bremen (como nas demais áreas onde se fala o baixo alemán setentrional, agás na Frisia Oriental e no sur de Schleswig) témo-lo sufixo *-t*, na Frisia Oriental e no sur de Schleswig temos, como no Holandés, o morfema *-en* (p. ex. *wi, ji, se hebben* (nós, vós, eles ten) fronte a *wi, ji, se hebben*).

¹¹ Estas son cuestións explícitas incluídas no programa consonte o que se redactou a versión en baixo alemán da constitución de Bremen (Bremer Bürgerschaft (ed.) 2004: 44).

Tódolos problemas ós que se enfrenta o tradutor están relacionados coa lingua meta e coas estruturas características das constituicións como tipoloxía textual xurídica á parte. A macroestrutura, isto é, a estrutura de conxunto relativa, por exemplo, á orde de determinados capítulos, á subordinación dun parágrafo a outro, etc. pode transferirse facilmente á lingua de chegada. A pesar de que, polo xeral, as mesoestruturas¹² das constituicións non deberían de poñerlle ningunha dificultade ó tradutor, hai certas excepcións que confirman a regra ás que farei referencia máis adiante.

Como é esperable, as maiores dificultades que atopa o tradutor están no nivel da microestrutura, é dicir, tódalas estruturas que se encontran entre o nivel morfolóxico e as oracións. Isto é así, sobre todo, nos textos especializados como os xurídicos. Con todo, e posto que o dereito e a linguaxe coloquial comparten unha cantidade considerable de expresións, faise difícil saber se un termo dado é técnico ou non, o cal se aplica especialmente ás constituicións que, debido ás súas funcións principais, conteñen máis termos de carácter xeral que outros textos xurídicos. Pero este non ten que se-lo tema que me ocupe aquí. No tocante ós termos especializados –mais non unicamente a estes–, a relación existente entre a lingua de partida e a de chegada podería resumirse esquematicamente como se indica a seguir:

1. Un termo monoverbal da lingua de partida correspóndese totalmente cun termo monoverbal da lingua de chegada.
2. Un termo monoverbal da lingua de partida correspóndese parcialmente cun termo monoverbal da lingua de chegada.
3. Un termo monoverbal da lingua de partida correspóndese totalmente cun termo pluriverbal ou unha colocación da lingua de chegada.
4. Un termo monoverbal da lingua de partida correspóndese parcialmente cun termo pluriverbal ou unha colocación da lingua de chegada.
5. Un termo pluriverbal da lingua de partida correspóndese totalmente cun termo pluriverbal ou unha colocación da lingua de chegada respectivamente.
6. Un termo pluriverbal da lingua de partida correspóndese parcialmente cun termo pluriverbal ou unha colocación da lingua de chegada respectivamente.
7. Un termo pluriverbal da lingua de partida correspóndese totalmente cun termo monoverbal da lingua de chegada.
8. Un termo pluriverbal da lingua de partida correspóndese parcialmente cun termo monoverbal da lingua de chegada.
9. A expresión empregada na lingua de partida (monoverbal, pluriverbal ou colocación) non se corresponde nin total nin parcialmente con ningunha expresión da lingua de chegada (monoverbal, pluriverbal ou colocación).

¹² A concepción teórica das estruturas textuais na que se basean moitas publicacións sobre lingüística só establece a distinción entre a macroestrutura e a microestrutura textual. Na realidade, para poder levar a cabo unha descrición completa das estruturas textuais requírese un terceiro nivel entre a macro e a microestrutura, o nivel da mesoestrutura. A mesoestrutura dun texto está integrada por tódalas entidades que se encontran por riba do nivel oracional que non inclúen a totalidade da entidade comunicativa correspondente.

“*Wat mehr regelt en Gesett*”. *Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada*

Os números 1, 3, 5 e 7 non deberían de poñerlle ningún problema ó tradutor. Canto ó 2, 4, 6 e 8, o tradutor podería valora-las seguintes opcións:

- podería emprega-lo termo semanticamente máis semellante que encontrase na lingua de chegada (modificando ou non o seu significado en base a unha nova definición);
- podería introduci-lo termo da lingua de partida como estranxeirismo ou préstamo na lingua de chegada;
- podería acuñar un novo termo a partir das palabras individuais encontradas na lingua de chegada (ben como tradución-préstamo ben como creación-préstamo);
- podería crear un termo híbrido baseándose tanto na lingua de partida coma na de chegada.

No que respecta ó número 9, o tradutor contaría coas mesmas opcións amais da que xa se mencionou.

3. Como pode resolver Carl V. Scholz, o tradutor da constitución de Bremen, os problemas referidos anteriormente? A macroestrutura da versión baixoalemá correspóndese totalmente coa do orixinal, o cal non ocorre coas mesoestruturas textuais: mentres que na versión orixinal só as partes principais e os parágrafos están introducidos por títulos e os artigos non, na versión en baixo alemán cada artigo leva tamén o seu título. Ata este punto a tradución é máis favorable ás esixencias do lector có orixinal. Con todo, agás os títulos de cada artigo, as mesoestruturas das dúas versións son practicamente equivalentes. Pero hai algunhas excepcións interesantes, das que só citarei dúas. O artigo 4 do orixinal e a súa tradución en baixo alemán rezan como segue:

Glaube, Gewissen und Überzeugung sind frei. Die ungehinderte Ausübung der Religion wird gewährleistet (Landesverfassung der Freien Hansestadt Bremen. [www2.bremen.de/info/skp/lv/ ...](http://www2.bremen.de/info/skp/lv/))¹³

Gloven, Geweten un Overtügen sund free. Dat Utöven vun Religion draff nich behinnert warrn. Dat warrt toseekert (Bremische Bürgerschaft (ed.) 2004)¹⁴

A versión en alemán estándar deste artigo consta de dúas oracións, mentres que a súa tradución ó baixo alemán consta de tres. Aquí *ungehindert*, atributo de *Ausübung*, convértese no verbo principal da cláusula, converténdose á súa vez o verbo principal e mailo seu auxiliar na frase verbal dunha oración adicional. *Gewährleistung* e o seu verbo correspondente, *gewährleisten*, son termos especializados empregados habitualmente en textos xurídicos alemáns e que, baseándonos nos modelos sintácticos típicos como o xa citado, coaparecen frecuentemente con outros termos. No léxico do baixo alemán non existe un termo equivalente e, polo tanto, non hai precedentes de modelos de uso.

O segundo exemplo aparece no artigo 80:

¹³ O credo relixioso, a conciencia e a convicción son libres. Garantízase a libre práctica da relixión. – As demais citas desta fonte non incluírán referencia explícita.

¹⁴ As demais citas desta fonte non incluírán referencia explícita.

*Die Mitgliedschaft in der Bürgerschaft erlischt durch Verzicht oder durch Wegfall einer für die Wählbarkeit massgebenden Voraussetzung. Der Verzicht ist dem Präsidenten der Bürgerschaft schriftlich mitzuteilen; er ist unwiderruflich.*¹⁵

Dat Maat sien in de Borgerschop hollt up dör Trüchtreden oder Wegfall vun en gewichtig Vörutsetten [!]¹⁶. De Verzicht is den Präsidenten vun de Borgerschop in schreven Schrift kunnig to maken nich wedder trüchnahmen warrn.

Na versión orixinal atopamos unha conexión asindética entre as dúas últimas oracións do artigo, pero na tradución baixoalemá coordinanse as frases verbais destas oracións mediante *un* (e) e omítese o suxeito da segunda cláusula, de xeito que o artigo ten dúas oracións no canto de tres. Obviamente, trátase dun cambio estrutural menor que non afecta o contido do artigo.

O que realmente é un desafío para o tradutor é traducir termos técnicos, tanto colocacións como termos monoverbais e pluriverbais. Canto á tradución de unidades monoverbais da lingua de partida por unidades monoverbais da lingua de chegada, limitareime a ofrecer uns poucos exemplos. O primeiro ten que ver co termo *Abgeordneter* (deputado), que Scholz traduce cun préstamo do alemán estándar: *Afoordneter*¹⁷ (cf., p. ex. artigo 76)¹⁸. Esta clase de neoloxismos e mailos estranxeirismos importados do alemán estándar poderían incomodar a algúns puristas obstinados da linguaxe, pero de feito son termos que se corresponden con precisión cos termos do orixinal e que, en consecuencia, non darían cabida ós equívocos e interpretacións erróneas propios dunha tradución incorrecta. O mesmo podería dicirse de *Wahlperiode* (período lexislativo, *Wahlperiode*, *Legislaturperiode*) (artigo 76), *Frakschoon* (grupo parlamentario, *Fraktion*) (artigo 77), *Verwaltnstwiege* (ramas administrativas, *Verwaltungsweige*) (artigo 129), *Vermögen* (recursos, *Vermögen*) (artigo 130), *Huushooldplan* (orçamento, *Haushaltsplan*) (artigo 132a), *Daalslagen* (represión, *Niederschlagung*) (artigo 212), e moitos outros. Nos casos anteriores os termos da lingua de partida son equivalentes absolutos dos da lingua de chegada.

Así e todo, tamén se encontran algunhas máis traducións. No artigo 5 hai un exemplo claro disto. A segunda oración deste artigo é:

*Die Unverletzlichkeit der Person wird gewährleistet*¹⁹.

Carl V. Scholz traduce

De Unversehrtheit vun de Person warrt verspraken.

¹⁵ A condición de membro do Senado cesa por renuncia ou non aplicabilidade dunha das condicións relevantes de elixibilidade para este cargo. A renuncia haberá de comunicárselle por escrito ó presidente do Senado; esta é irrevogable.

¹⁶ A versión baixoalemá non contén ningún equivalente de *Wählbarkeit* ('elixibilidade', dereito a ser elixido), ó parecer a causa dun fallo de impresión.

¹⁷ Jürgen Gundlach, o tradutor da tradución baixoalemá da constitución de Mecklenburgo-Pomerania Occidental, utiliza o mesmo termo nunha versión lixeiramente distinta: *Aforrerter*.

¹⁸ Esta expresión, así como moitas outras citadas máis adiante, aparece en varios artigos da constitución de Bremen. Para maior simplicidade, limitareime a comentar unha única cita.

¹⁹ Garántese a inviolabilidade da persoa.

“*Wat mehr regelt en Gesett*”. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada

Traducido literalmente, *warrt verspraken* significa “prométese”. Con todo, *verspreken* (prometer, *versprechen*) non é un termo xurídico e ten, claramente, implicacións morais pero non legais. Así, se algo é garantido (*gewährleistet*) pode ser obxecto de demanda nos tribunais, mentres que se só se promete supoño que non pode selo. Esta é unha característica semántica crucial que o termo da lingua de partida non comparte co termo empregado na lingua de chegada, polo que o tradutor debeu de evita-lo termo *verspreken* e preferir un estranxeirismo, un préstamo, etc., ou ben debeu de amplifica-la frase verbal engadindo unha frase adverbial.

No artigo 135 atopamos outro exemplo de má tradución. A segunda oración do artigo na versión orixinal e a súa tradución ó baixo alemán son:

*An der Rechtspflege sind Männer und Frauen aus dem Volk zu beteiligen*²⁰.
An de Rechtspleeg hebt Mannslüüd un Frolüüd ut dat Volk mittomaken.

Se lemos con atención, a tradución baixoalemá afástase substancialmente do orixinal, dando como resultado un cambio de perspectiva do cento por cento: mentres que de acordo coa versión orixinal o Estado ten que asegurarse de que os cidadáns teñan a posibilidade de participar na administración de xustiza, a versión baixoalemá di explicitamente que os cidadáns están obrigados a isto. Se falamos da participación dos cidadáns como asesores leigos, a versión baixoalemá sería correcta²¹, mais este non é o aspecto central da versión orixinal.

Como outros tradutores do baixo alemán, Scholz traduce a miúdo un termo monoverbal por un pluriverbal ou por unha frase completa. Deste xeito tenta evita-lo estilo nominal característico dos textos xurídicos e doutros textos de carácter administrativo, debido a que na comunicación oral prevalecen as características típicas dun estilo verbal. Dado que o baixo alemán é basicamente unha lingua falada, non escrita, considérase que o estilo nominal é inadecuado, o cal non ten que ver co sistema –como parecen pensar moitos lingüistas leigos– senón coa realización da lingua²². No alemán estándar moitos destes termos técnicos son os chamados substantivos deverbais, é dicir, aqueles que se derivan de raíces verbais, outros son compostos. A versión orixinal da constitución de Bremen contén numerosos substantivos deverbais e compostos deste tipo. Ás veces os deverbais tradúcense por deverbais, como é o caso de *Entscheeden* (decisión, *Entscheidung*) (artigo 142) ou *Verfaten* (constitución, *Verfassung*) (artigo 155)²³, pero en

²⁰ Os cidadáns teñen o dereito de participar na administración de xustiza. (Literalmente: os homes e as mulleres do pobo deben ser integrados na administración de xustiza).

²¹ Se un cidadán é elixido xuíz leigo, está obrigado a aceptar este cargo honorario. Só é posible rexeita-lo cargo en circunstancias moi excepcionais (cf. www.schoeffen.de, páxina principal da Bundesverband ehrenamtlicher Richterinnen und Richter e.V. (Asociación Federal de Xuízas e Xuíces Honorarios), última visita: 1.07.2005). O meu agradecemento á señora Nadine Wallmeier por dar-me esta pista.

²² Nas linguas non estandarizadas os eidos de uso novos como o dereito, a administración, a ciencia e a erudición implican, case inevitablemente, un aumento da cantidade de textos escritos en estilo nominal.

²³ O tradutor evita empregar derivados co sufixo *-ung*, –en principio un morfema do alemán estándar que, non obstante, foi trasladado á gramática do baixo alemán polo prolongado e intenso contacto entre ambas linguas–, así como outros estranxeirismos que se incorporaron ó léxico baixoalemán. Así, amais de *Verfatung*, *Verfatung*, usada polo tradutor da constitución de Mecklenburgo-Pomerania Occidental, sería unha tradución alternativa.

moitos outros casos o tradutor opta por unha solución diferente. De cando en cando substitúe un substantivo deverbal simple por un substantivo simple cualificado por un atributo como *ornlike Arbeit* (procedemento regulamentario, *Ordnungsgemässheit*) ou *gode Weertschopen* (rendibilidade, *Wirtschaftlichkeit*) (todos no artigo 133a). Outra estratexia empregada polo tradutor é traducir un substantivo deverbal por unha frase completa que constitúa o suxeito ou o obxecto directo da oración principal correspondente. No artigo 132a atopamos dous exemplos claros desta estratexia:

*...der Senat [ist] ermächtigt, alle Ausgaben zu leisten, die nötig sind, ..., um ... Beschaffungen und sonstige Leistungen fortzusetzen...*²⁴

De Senaat [is], all de Utgaven to leisten, de nötig sund, um ...wat antoschaffen is un wat anners noch to leisten is, wietertomaken ...[a negraña é miña]

Claro que, *wat antoschaffen is* e *wat anners noch to leisten is* son traducións ocasionais que, polo que vexo, só aparecen neste texto e que, por ende, non son unidades pluriverbais do léxico baixoalemán e moito menos do léxico baixoalemán da linguaxe especializada propia do dereito.

No que respecta á tradución de compostos, Scholz bota man de varias estratexias. Amais de introducir estranxeirismos e préstamos como, por exemplo, *Schoolweeswark* (sistema educativo, *Schulwesen*) (artigo 28), *Bedrievsvertreden* (representación sindical, *Betriebsvertretung*) (artigo 47), *Arbeitsrecht* (dereito laboral, *Arbeitsrecht*) (artigo 50), *stimberechtigt* (con dereito a voto, *stimberechtigt*) (artigo 69), *Sittensperiood* (lexislatura, *Sitzungsperiode*) (artigo 95), *Straafprozessoordnung*²⁵ (lei de axuízamento criminal, *Strafprozessordnung*) (artigo 105), *Senat sien Maat* ou *Maat*²⁶ *van 'n Senat* (secretario da administración estatal, literalmente: membro do senado, *Senatsmitglied*) (artigos 107 e 113 respectivamente), emprega unha estratexia cuxo nome máis exacto sería “descomposición”, é dicir: separa-los lexemas de que consta o composto da lingua de partida. Un exemplo típico de descomposición sería o termo técnico *Haushaltsgesetz* (lei orzamental) (artigo 132), que o tradutor traduce por *Gesett for den Huushoold* (literalmente: lei para o orzamento). O mesmo ocorre co termo *Bundesverfassungsgericht* (Tribunal Federal Constitucional) (artigo 138) e o seu equivalente baixoalemán *Gericht vun de Bundesverfaten* (literalmente: Tribunal da Constitución Federal).

²⁴ ...o senado está lexitimado para efectuar tódolos gastos que sexan necesarios ... co fin de ... continuar coas súas adquisicións e demais servizos...

²⁵ Non existe unha fronteira definida que separe os estranxeirismos dos préstamos. *Straafprozessoordnung* ilustra perfectamente a falta de claridade que existe na terminoloxía: o composto adaptacióne lixeiramente á lingua de chegada a nivel fonético sen que se vexan afectados outros niveis.

²⁶ Para facer referencia a tódolos membros do senado nos artigos 107 e 113 emprégase a forma de plural *maten*. Dado que este artigo trata, sobre todo, dos principios que se seguiron para traduci-los termos técnicos e non da tradución exacta de Scholz, cito os termos respectivos nunha versión lematizada, é dicir, na versión que aparecería ó principio dunha entrada léxica, sempre que sexa posible. Segundo isto, o plural é substituído polo singular, o acusativo polo nominativo, as formas verbais finitas polo infinitivo, etc.

“*Wat mehr regelt en Gesett*”. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada

Toda linguaxe técnica incorpora termos monoverbais e pluriverbais²⁷. Como texto xurídico, a constitución de Bremen contén numerosos termos pluriverbais propios da linguaxe xurídica en xeral e das constitucións en particular. A estratexia máis simple que pode adoptar un tradutor é a tradución palabra por palabra: *nich stännige Utschuss* (comisión non permanente, *nichtständiger Ausschuss*) (artigo 125), *öffentlich Sitten* (sesión pública, *öffentliche Sitzung*) (artigo 93), *Plicht for't Geheemholen* (obriga de mantemento do segredo, *Pflicht zur Geheimhaltung*) (artigo 110). En outras moitas ocasións o tradutor evita as traducións palabra por palabra de termos pluriverbais e, en lugar diso, emprega procedementos de transposición. No artigo 85 temos un exemplo destacado disto. *Persönlicher Vorteil* (vantaxe persoal, interese persoal) podería considerarse un termo pluriverbal da terminoloxía xurídica, que aparece habitualmente na colocación *sich einen persönlichen Vorteil verschaffen* (obter unha vantaxe persoal). Scholz traduce esta colocación da seguinte maneira: *sik persönlich en Vördeel toschostern*. Aquí a frase atributiva do termo pluriverbal (*persönlich*) transfórmase nunha frase adverbial, un procedemento que, estritamente falando, destrúe o termo técnico. Pode verse outro exemplo de transposición no artigo 121. *Gerichtlich anhängige Strafsache* (caso penal pendente nos tribunais) é un termo pluriverbal da linguaxe xurídica alemá, que Scholz traduce por *Straafsaak, de an't Gericht höört* (literalmente: caso penal que pertence ós tribunais). Neste caso a frase atributiva *gerichtlich anhängig* transfórmase nunha oración de relativo, o cal fai que se perda a precisión do orixinal. *Gerichtlich anhängig* quere dicir que un caso penal xa está nos tribunais e que se está á espera dunha decisión sobre este nun futuro próximo, mentres que *de an't Gericht höört* está aberto a diversas interpretacións como, por exemplo, que o caso penal en cuestión aínda non foi xulgado pero debería selo. Recoñezo que as frases atributivas como *gerichtlich anhängig* supoñen un problema para calquera tradutor que tente traducir un texto xurídico do alemán estándar a unha lingua non estandarizada como o baixo alemán; con todo, no que toca á precisión, a tradución debería acercarse o máximo posible ó orixinal. *Gerichtlich anhängig Straafsaak* certamente sería unha alternativa que, sen chegar a ser agramatical, afástase das frases nominais atopadas nos textos baixoalemáns. A pesar disto, se ha de tomarse seriamente o esforzo por recupera-lo eido do dereito para o baixo alemán parece inevitable introducir este tipo de frases nominais.

O mesmo se aplica a expresións como *auf Verlangen* (a petición), *auf Beschluss des/der* (por decisión de), *im Einvernehmen mit* (de acordo con, en harmonía con) (todas no artigo 105), *nach Massgabe des/der* (a teor de, para efectos de, segundo o establecido en) (artigo 106), *mit Rücksicht auf* (considerando, con respecto a) (artigo 108) ou *unter Belassung des/der* (sen prexuízo de) (artigo 137). Esta clase de expresións caracterizan tanto a linguaxe xurídica como a administrativa e son consecuencia da imperatividade da economía lingüística. Algunhas delas acadaron un alto grao de gramaticalización, como *nach Massgabe* ou *mit Rücksicht*, que, ó meu ver, se converteron en palabras gramaticais no transcurso da historia do alemán, ou sexa, aposicións neste caso. Hai probas abondas de que estes termos pluriverbais teñen as súas raíces na sintaxe latina e que resultaron do

²⁷ En moitos casos non é doado decidir se unha expresión se converteu nun termo técnico no sentido estrito da palabra ou se simplemente coaparecen dous ou máis termos en textos técnicos. Con todo, esta é unha cuestión pouco importante para os propósitos deste artigo que, precisamente por iso, se pode pasar por alto.

esfuerzo por introduci-lo ablativo absoluto nas chamadas linguas maternas europeas, polo que se introduciron estruturas práctica ou totalmente descoñecidas nestas linguas ata ese momento. Deste xeito, unha frase do tipo de *in Abwesenheit des Angeklagten wurde das Urteil gefällt* (a sentenza foi ditada en ausencia do acusado) é unha tradución exacta da fórmula latina *sententia reo absente dicta est*, onde *in Abwesenheit des Angeklagten* equivale ó ablativo absoluto *reo absente*.

No baixo alemán moderno, que é fundamentalmente unha lingua falada e non escrita²⁸, case non se encontran estruturas deste tipo. Scholz aplica tres estratexias para solucionar este problema: unha tradución palabra por palabra, unha tradución libre que copie a estrutura sintáctica pero que substitúa algunhas palabras por outras semanticamente próximas e a transposición. Algúns exemplos da primeira destas estratexias serían *up Verlangen*, *up Beslutt* (artigo 105), da segunda *na Bestimmen (nach Massgabe)* (artigo 106) e *in Tosammhang mit (mit Rücksicht auf)* (artigo 108). Á transposición recórrese nos artigos 105 e 137. No artigo 105 a pasaxe que nos interesa na súa versión orixinal e a súa correspondente tradución son:

*Die Untersuchungsausschüsse haben das Recht, das Personal im Einvernehmen mit dem Senat auszuwählen*²⁹.

Utschüsse to'n Unnersöken hebbt dat Recht, sik dat Personal mit den Senaat tosamen uttokieken. [a negraña é miña]

Aquí o tradutor elimina a frase formal da versión orixinal e substitúea por unha frase adverbial libre³⁰. Con todo, a versión do baixo alemán non inclúe unha implicación fundamental da pasaxe orixinal. Tal como ocorre co equivalente galego *de acordo con*, *im Einvernehmen mit* implica necesariamente que as partes implicadas no asunto deciden consonte un acordo entre elas. *Mit tosamen*, en cambio, só implica que hai dúas ou máis partes que simplemente interactúan.

As versións respectivas da pasaxe do artigo 137 son:

*... unfreiwillige Versetzungen ... [können] ... unter Belassung des vollen Gehalts durch die Justizverwaltung verfügt werden*³¹.

... unfreewillig Versetzen ... [köönt] ... dör de Justizverwalten anoordent warrn, wobi dat vulle Gehalt wieter to betalen is. [a negraña é miña]

²⁸ Esta afirmación é certa a pesar da relativamente gran cantidade de literatura que se escribe e se publica tódolos anos en baixo alemán. Dende un punto de vista estilístico, a maioría desta literatura caracterízase polo esforzo que fan os autores por achegarse o máis posible ó baixo alemán oral ou a como eles coidan que é o baixo alemán oral.

²⁹ As comisións de investigación teñen dereito a elixi-lo seu persoal de acordo co Senado.

³⁰ En comparación con *im Einvernehmen mit... tosamen* é unha frase libre por non estar lexicalizada, de forma que é posible altera-la secuencia dos seus elementos léxicos, non sendo así no caso de *im Einvernehmen mit: mit den Senaat tosamen _ tosamen mit den Senaat, im Einvernehmen mit dem Senat _*mit im Einvernehmen den Senat, ou _*Einvernehmen mit im.*

³¹ A xudicatura pode ordenar traslados forzosos mantendo o salario íntegro [das persoas afectadas] ...

“*Wat mehr regelt en Gesett*”. Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada

Aquí o tradutor troca a frase adverbial do orixinal por unha oración adverbial. Malia que cambia substancialmente a estrutura sintáctica da oración, a versión baixoalemá é semanticamente equivalente á orixinal e non dá pé a malentendidos.

Como en calquera texto xurídico, na constitución de Bremen empréganse colocacións propias da linguaxe técnica do dereito (cf., p. ex. Gautier 1999). Exemplos disto serían: *ein Gesetz [eine Verordnung, etc.] erlassen* (aprobar unha lei [un decreto, etc.]) (artigo 71), *ein Gesetz ausfertigen* (redactar unha lei), *ein Gesetz [in x] verkünden* (promulgar unha lei [en x]) (ambos no artigo 123), *ein Artikel [Gesetz, Verordnung, etc.] tritt ausser Kraft* (derrógase un artigo [lei, decreto]) (artigo 153). A tradución de Scholz da primeira colocación –*en Gesetz tolaten* (artigo 71)- significa, estritamente falando, *permitir* ou *admitir unha lei*, mentres que *ein Gesetz erlassen* implica necesariamente que esa lei entra en vigor, o cal non se expresa na versión baixoalemá proposta polo tradutor. A tradución de Scholz só sería válida se o significado do termo baixoalemán *tolaten* se estendese para incluí-lo matiz xa enunciado. Esta clase de extensión prodúcese a miúdo cando unha lingua acada un novo ámbito de uso no que nunca estivera presente.

Así e todo, polo de agora o significado do verbo *tolaten* non sufriu esta extensión e dubido que o faga. Con respecto a *en Gesett utschrieven* (*ein Gesetz ausfertigen*) e *en Artikel gellt nich mehr* (*ein Artikel tritt ausser Kraft*), os problemas que xorden son semellantes. *Utschrieven* é un termo novo acuñado por Scholz. En principio, acuñar novos termos para o seu uso nun ámbito específico é unha estratexia prometedora, pero cuestiono o seu éxito tendo en conta as condicións existenciais actuais do baixo alemán. *Gellen* ou *nich gellen* (cf. *en Artikel gellt nich mehr*) non é máis ca unha má tradución de *in Kraft treten* ou *ausser Kraft treten*, respectivamente. Como sucede coas colocacións equivalentes do galego, tanto *in Kraft treten* como *ausser Kraft treten* fan referencia a un proceso –ó primeiro ó seu inicio e o segundo á súa culminación³²–, ó que *gellen* (*gelten*, ter validez) non fai referencia. Ademais: *in Kraft treten* esixe un suxeito como *Gesetz*, *Verordnung*, etc. e implica que unha institución xudicial participa nese proceso. A tradución de Scholz de *ein Gesetz [in x] verkünden*, *en Gesett [in x] bekannt maken*, é sintáctica e semanticamente correcta; non obstante, na versión orixinal menciónase o Boletín do Estado de Bremen (*das Bremische Gesetzblatt*) como a fonte oficial na que deben ser publicadas as leis aprobadas polo parlamento de Bremen, mentres que na versión do baixo alemán se omite a especificación *Bremen* e só se fai referencia á *dat Gesettblatt*.

Tódalas unidades pluriverbais analizadas ata o de agora encóntranse nun nivel inferior ó da oración, aínda que existen tamén oracións colocacionais características da linguaxe xurídica en xeral e da linguaxe especializada empregada nas constitucións en particular. O exemplo máis claro e común do último caso é *Das Nähere regelt das Gesetz* (nos termos que establece a lei) (p. ex. artigos 43, 101) ou nunha versión lixeiramente distinta: *Das Nähere regelt ein Gesetz* (nos termos que establece unha lei) (p. ex. artigos 105, 107) e maila súa pasiva *Das Nähere wird durch ein Gesetz geregelt* (artigo 133a). A

³² Ou falando en termos gramaticais: a primeira colocación é unha expresión de aspecto ingresivo, é dicir, que marca o inicio dun proceso; a segunda colocación é unha expresión de aspecto egresivo, isto é, un aspecto léxico que marca a fin dun proceso.

explicación de por que esta frase aparece tan frecuentemente en calquera constitución escrita é simple se se ten en conta o status legal de toda constitución. Como xa se dixo, unha constitución é unha lei fundamental relativa ós valores básicos de determinada sociedade que regulamenta todo canto ten que ver coas formas principais de interacción social. Polo tanto, non pode nin ten por que regulamentar tódalas particularidades desa comunidade; se así fose habería que reformala cada pouco para adaptala ós cambios de circunstancias e necesidades, o que, por suposto, non estaría conforme co seu status e ademais requiriría unha extensión de varios volumes cuxa correcta comprensión só estaría ó alcance de especialistas. *Soweit die Verfassung nichts anderes bestimmt* (sempre que a constitución non dispoña outra cousa) (artigo 118) ou *durch Gesetz können Ausnahmen zugelassen werden* (poderán admitirse excepcións contempladas nas leis) (artigo 41) son oracións colocacionais adicionais resultado do status especial das constitucións, nas que se ten en conta a xerarquía dos valores establecidos na constitución e se fai unha introdución das condicións e limitacións relativas a cada unha das estipulacións.

As traducións de Scholz da primeira colocación citada no parágrafo anterior varían constantemente con respecto á versión orixinal: *Mehr darto bestimmt dat Gesett* (artigo 43), *Mehr regelt dat Gesett* (artigo 101), *Wat mehr regelt en Gesett* (artigos 105,107), *Mehr warrt dör en Gesett regelt* (artigo 133a). O feito de que non manteña unha única versión nos artigos 43 e 101, como ocorre no orixinal, podería dar lugar a críticas, pero é evidente que calquera das catro versións fan referencia ó mesmo feito e son facilmente comprensibles para leigos e expertos na materia. O mesmo se pode dicir das traducións de Scholz das dúas últimas colocacións mencionadas máis arriba: *Sowiet vun de Verfaaten nich anners seggt warrt* (artigo 118) e *Dör Gesett köönt Utnahmen tolaten warrn* (artigo 41).

Na constitución de Bremen empréganse outras colocacións propias da linguaxe xurídica en xeral. Algunhas delas poden atoparse nos estatutos de asociacións de distinta natureza, por exemplo: *die Sitzungen sind nicht öffentlich* (as sesións non son públicas) ou *bei Stimmengleichheit entscheidet die Stimme des Präsidenten [Vorsitzenden]* (en caso de igualdade de votos, decide o voto do presidente) (ambas no artigo 117). Traducindo a primeira colocación por *de Sitten sund nich open for elk un een* (literalmente: as sesións non están abertas a todo o mundo), Scholz evita ter que encontrar un equivalente de *öffentlich* (“público”, adxectivo). Con todo, *elk un een* (todo o mundo, todos) difire semanticamente de *Öffentlichkeit* (“público”, substantivo), xa que *Öffentlichkeit* implica que hai un público e un non público, cousa que *elk un een* non dá a entender. Coido que Scholz tería solucionado moito mellor o problema transferindo o lexema do alemán estándar ó texto baixoalemán ou creando un préstamo ou tradución-préstamo. A tradución da segunda colocación é aínda peor: *Sund de Stimmen gliiek, mutt de Präsident entscheiden* (literalmente: Se hai igualdade de votos, o presidente debe decidir). Sendo estritos, a tradución de Scholz causa un malentendido básico xa que suxire que de haber igualdade de votos o parlamento transfire a súa competencia a outra institución: o presidente. Está claro que non era isto o que se quería dicir no orixinal.

O último exemplo extráese do artigo 46. Este artigo foi anulado por unha lei aprobada o 26 de marzo de 1996 e só consta dunha oración na versión actual da constitución de

“*Wat mehr regelt en Gesett*”. *Versión baixoalemá da Constitución do Estado alemán de Bremen. Tradución de termos monoverbais, pluriverbais e colocacións da linguaxe xurídica a unha lingua non estandarizada*

Bremen: *Aufgehoben durch Gesetz vom 26.3.1996 (BremenGes.Bl.S.81)* (derogado pola Lei de 26 de marzo de 1996 [Boletín do Estado de Bremen, páx. 81]). Scholz só traduce *giff dat nich mehr* (xa non existe), o cal non é suficiente pois hai que facer, ademais, mención expresa do proceso de derogación, a súa data e maila vía de promulgación. Está moi claro: a versión baixoalemá deste artigo non é máis ca unha pallasada. Así e todo, e na miña opinión, este é o único caso no que o tradutor perde o seu autocontrol e parece esquecer que está a traducir un texto xurídico e non un conto popular da súa terra.

4. Se o baixo alemán tivese a posibilidade de recupera-lo ámbito do dereito –que, sendo realistas, non ten– a tradución de Scholz da constitución de Bremen, ó igual cás demais versións en baixo alemán das constitucións dos Estados alemáns setentrionais, sería unha importante achega a este proceso. Non obstante, queda a medio camiño, comprométese moi a miúdo coa imaxe popular do baixo alemán de linguaxe da afectuosidade e da proximidade emocional e de *medium* axeitado unicamente para comunicarse no seo da familia e a veciñanza pero non en ámbitos como os da administración e o dereito. Isto, ó menos nalgúns artigos, reflíctese nunha considerable perda da precisión á que debe aspirar todo texto xurídico. Polo tanto, se eu tivese que presentar unha demanda de inconstitucionalidade perante o tribunal constitucional de Bremen e puidese elixir apoiarme no texto estándar ou no baixoalemán, tería moi boas razóns para preferi-la versión orixinal.

Bibliografía

- BREMISCHE BÜRGERSCHAFT (ed.) (2004): *Landesverfaten vun de Free Hansestadt Bremen*. Leer, Schuster.
- BUNDESREPUBLIK DEUTSCHLAND (2000): *Erster Bericht der Bundesrepublik Deutschland gemäss Artikel 15 Absatz 1 der Europäischen Charta der Regional- oder Minderheitensprachen*. Bundesministerium des Inneren, Berlin.
- FUNK, Bernd-Christian (1996⁹): *Einführung in das österreichische Verfassungsrecht*. Leykam, Graz.
- DEMSKE, Ulrike (1999): “Nominalisierungen im Deutschen und Englischen: Überlegungen zu einer Theorie des sprachlichen Wandels” en KANNGIESSER, S. e VOGEL, P. M. (eds.): *Elemente des Sprachwandels*. Westdeutscher Verlag, Opladen/Wiesbaden, 98-138.
- DER PRÄSIDENT DES SCHLESWIG-HOLSTEINISCHEN LANDTAGES (ed.) (2002): *De Verfaten vun dat Land Sleswig-Holsteen. Die Verfassung des Landes Schleswig-Holstein. Op Plattdüütsch und Hochdeutsch*. Clausen & Bossse, Kiel.
- LANDESZENTRALE FÜR POLITISCHE BILDUNG (ed.) (2002): *Verfäten vun de Free un Hansestadt Hamborg*. Landeszentrale für politische Bildung, Hamburg.
- Landesverfassung Der Freien Hansestadt Bremen*. www2.bremen.de/info/skp/lv/ [última visita: 3 de agosto de 2005].
- GAUTIER, L. (1999): “Zur Phraseologie des Verfassungsrechts: Ansatz einer kontrastiven Analyse Französisch-Deutsch” en SABANN, A. (ed.): *Phraseologie und Übersetzen*. Aisthesis, Bielefeld, 81-98.

- LANDTAG MECKLENBURG-VORPOMMERN (ed.) (1994): *Vörlöpige Verfatung von dat Land Mäkelborg-Vörpommern*. Landtag Mecklenburg-Vorpommern Referat Presse und Öffentlichkeit, Schwering.
- (1997): *Vörlöpige Verfatung von dat Land Mäkelborg-Vörpommern*. Landtag Mecklenburg-Vorpommern Referat Presse und Öffentlichkeit, Schwering.
- WIRRER, Jan (2001): "vry vnde quith myt aller rechticheit vnde tobehoringe Bremen 1474: Die Beurkundung einer Auflassung. Zur Formelhaftigkeit in mittelniederdeutschen Rechtstexte" en HÄCKI-BUHOFER, A., BURGER, H. e GAUTIER, L. (ed.): *Phraseologiae Amor, Aspekte europäischer Phraseologie, Festschrift für Gertrud Gréciano zum 60. Geburtstag*. Schneider, Baltmannsweiler, 253-262.
- (2002): "Historisch-Vergleichende Sprachwissenschaft: Der Wandel von Sprache" en MÜLLER, H. M. (ed.): *Arbeitsbuch Linguistik*. Schöningh, Paderborn et al., 241-262.
- (2003): "*Dat Negere rärgelt dat Gesetz*. Anmerkungen zur niederdeutschen Übersetzung der Verfassung des Landes Mecklenburg-Vorpommern" en *Niederdeutsches Wort* 43,2003,253-269.
- (2004a): "*Woans Gesetzen maakt warrt*. Zur niederdeutschen Übersetzung der schleswig-holsteinischen Landesverfassung" en FÖLDES, C. (ed.): *Res humanae proverbiorum et sententiarum. Ad hororem Wolfgangi Mieder*. Gunter Narr, Tübingen, 379-397.
- (2004b): "*Genauer leggt dat en Gesetz fast*. Anmerkungen zur niederdeutschen Übersetzung der Verfassung der Freien und Hansestadt Hamburg" en MICHELSEN, F. W., MÜNS, W. e RÖMMER, D. (eds.): *Dat's dimal allens, wat ik weten do, opn anner Mal mehr...* Quickborn-Verlag, Hamburg.